

HERNÁN NAVAL

DISCOGRAFÍA

A Banda Municipal de Música de Ribadeo gravou os seguintes discos:

- “OS MORTOS VAN Á PRESA”

1. Aluméame

2. Fariño

3.Os paisanos

4. Ardentia

5. Do mar

6. Cifuentes

7. La golondrina

8. Namoramentos

9. A posta

10. A falsa compañía

11. O meigallo

12. Cara o faro

13. Romeo

14. Cando se apaga o lume

15. Pandereitas

16. O funeral

17. A noite de festa

18. O tarabelo

19. La mercedora de cristal

- "BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO"

1. Andante Spianato e Gran Polonesa en mi Bemol
Maior Op. 22. F. Chopin (Trans. Hernán Naval)

2. Sinfonía do Novo Mundo (fragmento). A. Dvorak (arr:
Michael Sweeney)

3. Finlândia. J. Sibelius (Transc: Frank Winterbottom)

4. O segundo vals (da Jazz Suite nº 2) D.
Shostakovitc (arr. A Waignein)

5. Pavane in blue. Ted Huggens

6. Portbou-Saraxevo. Hernán Naval

7. (Everything I do) I do it for you. Bryan Adams (Arr: Ron

Sebregts)

8. Lonxe do mar (Habanera). Hernán Naval

- "AO NOSO SON"

1. GREAT MOVIE MARCHES: arr: John Moss

2. THEME FROM "SCHINDLER'S LIST": John Williams,
arr: H. Naval

3. JOHN WILLIAMS IN CONCERT: John Williams, arr:
Paul Lavender

4. MY HEART WILL GO ON: James Horner

5. UNCHAINED MELODY: Alex North

6. YO TE DIRÉ: J. Halpern, arr: H. Naval

7. LA GRAN EVASIÓN: Elmer Bernstein

8. THEME FROM "JURASSIC PARK": John Williams

9. TARA: Max Steiner, arr: H. Naval

10. YOU CAN LEAVE YOUR HAT ON: R. Newman, arr:
St. Vanhaert

11. ROSA DE ABRIL: Andrés Gaos, arr: H. Naval

12. BELAS ARTES: Aurelio Nieto

13. SINFONÍA Nº 2 NAS MONTAÑAS DE GALIZA, 2º
MOV: Andrés Gaos, arr: H. Naval

14. MORRIÑA: Eduardo Diehl

15. GALIZA II: Marcial de Adalid, arr: H. Naval

16. OS TEUS OLLOS: Xosé Castro, arr: H. Naval

- "DA CAPO"

1.Da Capo

ANÉCDOTAS SOBRE HERNÁN

CHENCHU:

Nos ensaios xerais dos venres, que eran de catro horas (case nada), había momentos nos que algunha sección non tiña que tocar. Os percusionistas, que somos xente inquieta por natureza, aproveitabamos para botar algunha partida de cartas cunha bandexa das baquetas a modo de mesa.

O problema viña cando alguén, moi metido na partida, soltaba un “arrastro” xusto no momento no que a banda enteira quedaba en silencio absoluto. Nese segundo, todo o mundo xiraba a cabeza... e detrás viña a bronca de Hernán, porque para el, aínda que non tocases, tiñas que estar escoitando e aprendendo.

Era moi esixente nesas cousas, pero tamén tiña razón. Ao final, aprendías a estar atento sempre, non só cando che tocaba tocar.

Tiña ese equilibrio curioso: podía botarche unha boa bronca... e ao pouco tempo estar de coña contigo coma se nada.

LUCÍA:

Hernán foi o meu profesor de solfexo na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo cando era moi nena. Eu non estiven na Banda con Hernán (era moi pequena e acababa de comezar co clarinete). Como anécdota dicir que el me chamaba "Lucia de Lammermoor" que é unha ópera de Donizetti. Supoño que xa me vía a inclinación pola música. Aínda que me deu clase pouco tempo, inculcoume o valor e o gusto pola música, e sempre foi moi cariñoso con nós. Era un profesor excepcional.

Eu entrei na Banda posteriormente, con Jose Luis (o actual director da Escola de Música de Vegadeo), que foi director da Escola de Música de Ribadeo e da Banda. A Banda é unha familia na que cadaquén ten o seu rol. Alí atopei bos amigos que aínda conservo, viaxei moito e obtiven unha formación de excelente calidade.

Laura:

Hernán tocaba a trompeta. Fun a súa alumna durante un curso, tamén clase de solfexo e foi o que me indicou que instrumento tocar. Fai moito tempo que pasou, pero recordo que era moi bo profesor, sempre nos motivaba e traballaba moito. Tamén recordo que nos chamaba “percebes” Se a teño que describir en tres palabras digo que é especial, traballadora e atenta. Algo que me recorde a el é cando tocamos coa banda, sobre todo no auditorio. E si estivera aquí lle diría que moitas grazas, por todo o que fixo e que gracias a el a banda sigue en funcionamento.

Hugo:

Podo contarvos algunha cousiña “simpática”... Por exemplo, tiñamos un concerto coa Banda na Devesa, en agosto, e chegamos a tocar (pensade que eramos sobre 80 músicos) e o escenario era como para que tocara unha pequena orquestra na verbena, como moito collería a metade da Banda. Como o solucionaron os organizadores? Colocaron un remolque dun tractor diante de ese escenario e aí nos colocamos a outra metade da banda.

Nun concerto na Praza da Catedral de Mondoñedo, nun escenario moi alto, estabamos no medio do concerto e a Hernán saíulle voando a batuta

hacia o público, coa casualidade de que lle caeu ao lado a miña nai, que se achegou avergonzada ao escenario a devolverlla. Tamén era "moi habitual" que cando tiñamos algunha viaxe longa (Madrid, Barcelona, Lisboa, ...) algún músico se esquecera do instrumento, ou do traxe, partituras... Canto máis lonxe era o destino máis habitual que algo faltara. Non sei se estas cousas vos valerán para algo... e se necesitades máis axuda, non dubidedes en escribir.

Chequere/ Marcos:

Eu coñecín a Hernán con 8 anos e ata hoxe medrei naquel local, a Casa do Mar. Foi unha cárcere, foi o centro médico do pobo e agora a Escola Municipal de Música, pero para min sempre foi a Banda (aínda que de pequeno tamén fun alí ao médico) e, desde hai moitos anos, a Escola. O queteño claro é que foi, e sempre será, a miña casa.

Como vos comentaba antes, Hernán collía xente para axudarlle co resto de músicos, e eu fun un deles. Primeiro confiou en min para axudarlle a levar os ensaios da sección de percusión da Banda os venres de 18:00 a 18:45 h, xusto antes dos ensaios xerais ás 19:00 h. Máis tarde, no ano 1994, empezamos a axudarlle nas clases da Escola; estábamos Javi (Pera) e máis eu, e só dous anos máis tarde deume a oportunidade de levar esas clases eu só, e ata hoxe.

Recordo cando o día do meu aniversario (31 de agosto), que se celebra San Ramón na Devesa, un día de moito sol no que tiñamos montado o escenario para a Banda. Sabedes que era o escenario? Pois era o remolque dun camiión no que seguramente o día anterior levaran gando e, claro, cheiraba un pouco regular, e enchimos os nosos instrumentos de

percusión de palla e, imos dicir, “sucidade”. Visto co tempo, foron unhas risas tocar alí metidos.

Tamén recordo cando, de viaxe a Murcia, fomos nun autobús de dous pisos (nunca tal viramos en Ribadeo), pero xa eramos tanta xente na banda que non chegaba un simple autobús. Na parte de abaixo había unha mesa entre catro asentos nos que íamos xogando ás cartas e fixeramos un campionato entre moitos dos músicos. Noutra viaxe, indo para Portugal, quedamos sen acelerador no autobús e percorremos uns cantos quilómetros tirando dun cable par activalo.